

RESOLUCIÓN. Convocatoria subvencións entidades sen fins de lucro ano 2023.

Visto que no orzamento para o exercicio 2023 a partida 920.48900, transferencias a asociacións sen fins de lucro.

Visto o disposto nas bases de execución do orzamento para o dito exercicio, Capítulo V, bases 43 a 49, así como, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Regulamento de subvencións de Galicia, artigos 80 e 294 da Lei 5/2007, de 22 de xullo, de administración local de Galicia e Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Vista a proposta de bases de convocatoria e Informe de fiscalización de Intervención.

De conformidade coa referida lexislación e as atribucións establecidas polo artigo 21.1. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en relación co artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e disposicións concordantes,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar as bases da convocatoria para a concesión de subvencións en materia de actividades culturais, deportivas e recreativas e de interese municipal realizadas por entidades deste Concello, sendo as que a continuación se relacionan:

BASES DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS A ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O ANO 2023.

PRIMEIRA: Ámbito de aplicación e crédito orzamentario

Estas normas serán de aplicación a toda clase de axudas e subvencións que xestione na súa totalidade o Concello de Cabanas e rexeranse pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, así como a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.





Entenderase por axuda e subvención toda disposición de diñeiro ou en especie que se outorgue con cargo ao orzamento municipal do Concello de Cabanas a favor de persoas ou entidades públicas ou privadas sen contra prestación concreta dos beneficios, para fomentar unha actividade de utilidade ou interese social ou para promover a consecución dun fin público ou que, en xeral, contribúa ao desenvolvemento dos intereses peculiares do municipio.

As subvencións que se vaian a conceder anualmente polo Concello axustaranse á natureza e características dos correspondentes programas incluídos no orzamento xeral.

SEGUNDA: Finalidade e obxecto das subvencións de concorrència competitiva.

Terán a consideración de subvencións de concorrència competitiva, aquelas en que a concesión se realiza a través da comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nestas bases reguladoras

O Concello de Cabanas quere, pola presente convocatoria, dar apoio ás entidades e ás asociacións municipais sen ánimo de lucro para acadar aos obxectivos que lles son propios, co fin de acercar os ámbitos culturais, educativos e deportivos ao maior número posible de persoas, facilitando a existencia dunha vida cultural, educativa e deportiva estable no Concello de Cabanas; promover a participación activa da veciñanza na cultura e no deporte, a formación dos mais pequenos e a convivencia co obxectivo de promover e dinamizar a participación activa da veciñanza no tecido asociativo como xerador de sinerxías que contribúan á mellora da súa calidade de vida; promover a auto financiación das entidades; complementar a actividade das asociacións cos obxectivos perseguidos pola Concellerías de Cultura, Educación e Deporte; e pór a disposición do Concello información completa e actualizada das asociacións sen ánimo de lucro do municipio, co fin de promover unha relación fluída coas mesmas.

As actividades terán que ser abertas ao público, que beneficien a colectividades xenéricas de persoas e non estean destinadas exclusivamente ás persoas socias da entidade.

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para conceder as subvencións de acordo cos principios de publicidade, concorrència, obxectividade, igualdade, non discriminación e transparencia para a realización de actividades que



complementen ou suplan ás atribuídas á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan ao fomento dos intereses peculiares do municipio.

En xeral, serán obxecto de subvención as seguintes actividades:

- Promoción de actividades culturais.
- Promoción de actividades educativas.
- Promoción de actividades deportivas.
- Promoción de actividades veciñais, festas patronais e outras actividades lúdico-festivas.

O período que se terá en conta para a realización de actividades será o exercicio 2023. A concesión das subvencións estará supeditada ao previsto no Orzamento do Concello de Cabanas para o ano 2023, con cargo á partida orzamentaria 920.48900, polo importe de 15.000,00 €. O importe da subvención non superará o 80 por 100 do custo da(s) actividade(s) ou proxecto(s) subvencionado(s).

TERCEIRA: Beneficiarios das subvencións de concorrencia competitiva.

Poderán optar a estas subvencións as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas e entidades colectivas, que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións veciñais do Concello ou telo solicitado na data de petición, no momento da presentación da solicitude.
- Ter actualizados os datos no antedito Rexistro municipal, tendo en conta que toda modificación deberá comunicarse no mes seguinte ao seu acontecemento; e o orzamento e o programa anual de actividades comunicaranse no mes de xaneiro de cada ano e non ter asinado convenio ningún co Concello de Cabanas.
- Estar legalmente constituídas e con sede social no termo municipal de Cabanas.
- Carecer de fins de lucro e que, de acordo cos seus estatutos, teñan obxectivos e finalidades que sexan de interese veciñal e coincidentes co obxecto da subvención.
- Desenvolver as súas actividades dentro do termo municipal de Cabanas ou sobre temas de interese para o Concello.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Cabanas.
- Estar ao día nas súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Seguridade Social e co Concello.



- Ter un mínimo de 15 socios na data de presentación da solicitude.
- Non estar incursa en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvencións (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

CUARTA: Tramitación das solicitudes e concesión de subvencións de concorrencia competitiva.

1.-Solicitude: as solicitudes, debidamente cumprimentadas, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera outros rexistros públicos aos que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no modelo normalizado. A solicitude, así como os anexos, poderán obterse no Departamento de Cultura, así como na páxina web do Concello (www.cabanas.gal).

2.-Prazo de presentación: o prazo durante o cal se poden presentar as solicitudes será de quince (15) días naturais, contados a partir do día seguinte ao de publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña.

3.-Documentación: xunto coa solicitude- ANEXO I – deberá achegarse a seguinte documentación:

- a. Fotocopia compulsada da tarxeta do CIF da entidade.
- b. Fotocopia compulsada dos estatutos da entidade.
- c. Certificación orixinal de titularidade de conta corrente, número de conta e entidade bancaria, que permita facer efectivo o importe da subvención mediante transferencia.
- d. Fotocopia compulsada da tarxeta do NIF do/a representante.
- e. Certificación acreditativa do acordo de solicitude e do nomeamento da persoa representante para as súas relacións co Concello (ANEXO II).
- f. Declaración responsable da persoa representante da entidade/asociación de: aceptación das bases da convocatoria; estar ao corrente das obrigas fiscais en xeral e, en concreto, co Concello de Cabanas e coa Seguridade Social; de que se axustan á realidade os datos e os documentos achegados coa solicitude; o compromiso da entidade de aplicar o importe ás actuacións subvencionadas e de facer constar, en



todo tipo de información que realice no desenvolvemento da actividade subvencionada, a colaboración prestada polo Concello de Cabanas; non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración pública (ANEXO III).

g. Memoria que faga mención ao historial do solicitante, ás persoas beneficiadas directa e indirectamente pola axuda, ás actividades ou investimentos a realizar e o seu calendario (ANEXO IV).

h. Orzamento detallado de ingresos e gastos (ANEXO V) e contía da subvención solicitada

i. Declaración xurada das axudas solicitadas e/ou concedidas por calquera Administración Pública ou ente público ou privado para a(s) mesma(s) actividade(s); no caso de non ter concedidas outras axudas, declaración de non percepción de axudas. (ANEXO VI).

A documentación sinalada nos apartados a, b e d non terá que ser presentada se xa se presentou en anos anteriores e non houbo variación nela.

O departamento correspondente revisará os expedientes de solicitude e verificará que conteñan a documentación esixida. Se resultase que a documentación está incompleta ou defectuosa, requiriráselle á entidade solicitante para no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles, a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, terase por desistida a súa petición, previa resolución (artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

4.-Criterios de valoración: para a adxudicación das subvencións, teranse en conta os seguintes criterios:

a. Asociación ou entidade solicitante:

a.1. Número de socios: Até 4 puntos

– De 0 a 100 socios: 2 puntos

– De 101 a 200 socios: 3 puntos

– De 201 socios en adiante: 4 puntos



a.2. Achega ou esforzo económico da asociación ou entidade para a realización das actividades e procura de financiamento alternativa respecto do gasto declarado polo solicitante: Até 3 puntos

- Por importe inferior ao 50%: 2 puntos
- Por importe superior ao 50%: 3 puntos

a.3. Local da súa propiedade: 3 puntos

Local de titularidade non propia, de uso exclusivo para a asociación ou entidade, asumindo gastos correntes, mantemento e melloras, así como a súa limpeza: 1 punto

b. Actividades programadas:

b.1. Número e contido das actividades programadas, contribución á difusión da estrutura cultural, deportiva ou educativa do Concello e número de persoas beneficiarias: até 15 puntos.

b.2. Proxectos en común entre asociacións ou entidades e co Concello: até 4 puntos.

b.3. No caso de programas de actividades deportivas, número de licenzas federativas: até 3 puntos.

- De 0 a 30 licenzas federativas: 1 punto
- De 31 a 45 licenzas federativas: 2 puntos
- De 46 licenzas federativas en adiante: 3 puntos

c. Emprego da lingua galega: 1 punto

Para optar ás subvencións necesitarase un mínimo de 8 puntos respecto aos criterios anteriormente expostos.

Aos efectos de valorar correctamente estes apartados, a entidade aportará canta documentación estime oportuna, acreditativa en todo caso dos criterios a valorar.

5.-Informe e resolución: someteranse á aprobación da Alcaldía-Presidencia mediante resolución motivada da Comisión Avaliadora que será notificada a todos os solicitantes expresando se foi rexeitada ou aceptada a súa solicitude para os efectos de posibles recursos.

A concesión de subvencións realizarase mediante o réxime de concorrencia competitiva, por resolución da Alcaldía-Presidencia, á proposta motivada da Comisión avaliadora.



A Comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

– Presidente: Alcalde-Presidente do Concello

– Vogais:

- Concelleiro de Deporte, Participación veciñal e Asociacionismo
- Concelleira de Cultura
- Tres representantes de dúas asociacións ou entidades do municipio (un representante por cada asociación)
- Animadora cultural do Concello, actuando de secretaria da Comisión.

A Comisión avaliadora, formulará proposta de resolución de concesión provisional, debidamente motivada, que deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e a súa contía, así como as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite.

A concesión en firme das subvencións xerará un dereito a favor do seu beneficiario e correlativo compromiso para o Concello que solo será esixible cando se acredite o cumprimento das finalidades que motivaron a súa concesión.

De conformidade co previsto no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a notificación aos interesados realizarase no domicilio indicado por estes na súa solicitude, no prazo de dez (10) días dende que se dite a resolución de concesión.

A relación de subvencións concedidas baixo esta convocatoria publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello de Cabanas e da Sede electrónica municipal, así como na web oficial do Concello de Cabanas (www.cabanas.gal).

Contra a desestimación expresa das solicitudes presentadas poderanse formular os recursos que procedan.

6.-Gastos subvencionables: consideraranse gastos subvencionables aqueles de, de maneira indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo de execución establecido pola convocatoria da subvención, sendo necesario que se atope pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación e que se acredite o seu pagamento. Serán gastos subvencionables:



- Os gastos derivados da organización e realización dos programas e das actividades subvencionadas; o material funxible non inventariable relacionado directamente cos devanditos programas e actividades subvencionados.
- Os seguros de responsabilidade civil e accidentes, cos pertinentes certificados e facturas.
- As retribucións a persoal técnico e do monitorado que teñan relación laboral ou de arrendamento e servizos coa entidade, acreditaranse mediante facturas ou nóminas, só se admitirá minuta cando reflecta a correspondente retención do IRPF e a repercusión do IVE.
- Os gastos correspondentes a persoas voluntarias ou monitorado que colaboren coa entidade ou asociación impartindo algunha actividade, curso, etc., de forma esporádica, conferenciantes, poderán xustificarse presentando un recibo ou minuta que contará cos seguintes datos
- Gastos de mantemento (aluguer, luz, auga, teléfono, consumibles, oficina).

QUINTA: Contía das subvencións.

1.- Para as asociacións e entidades que acaden a puntuación mínima (8 puntos) establécese unha asignación mínima, para gastos de mantemento, de 500 €.

O resto da consignación dispoñible no orzamento municipal asignarase en proporción á puntuación obtida por cada entidade.

Unha vez coñecida a contía dispoñible e a puntuación determinarase o valor do punto, e cada Asociación ou Entidade percibirá o resto da subvención en función dos puntos obtidos.

2.- As subvencións outorgadas estarán sempre dentro do límite global da dotación orzamentaria correspondente.

3.- As subvencións que se outorguen ao abeiro da presente convocatoria serán compatibles con outras para a mesma finalidade sen que en ningún caso o importe da axuda municipal concedida poida ser de tal contía que en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos, nacionais ou internacionais superen o custo da(s) actividade(s) que vaia a desenvolver o beneficiario. No caso de



existir exceso de financiamento ou beneficio deberá proceder ao reintegro da contía concedida polo Concello de Cabanas na cantidade que exceda do custo da actividade.

SEXTA: Xustificación das subvencións.

1.- O cumprimento das finalidades que motivaron o outorgamento das subvencións xustificárase achegando a correspondente documentación que acredite a realización do obxecto da subvención.

2.- A documentación acreditativa da realización das actividades será presentada no Rexistro Xeral do Concello de Cabanas **ata o martes 12 de decembro de 2023 (incluído).**

Os documentos xustificativos deberán estar datados e referirse ao exercicio de 2023.

3.- A documentación necesaria para xustificar a subvención será a seguinte: (ANEXO VII)

3.1. Declaración detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras subvencións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, ou pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto.

3.2. Relación detallada de gastos co seu importe e identificación do acredor, asinada polo/a secretario/a e o/a presidente/a (ou persoa representante) da entidade correspondente á execución do programa.

3.3. Relación detallada de ingresos que financiaran a actividade subvencionada.

3.4. Facturas orixinais ou copias compulsadas coa aprobación do órgano correspondente da entidade, así como a xustificación da publicidade. Para a xustificación dos gastos admitiranse como xustificantes facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa e, xunto con cada factura presentada deberá achegarse transferencia bancaria como xustificante do devandito pago. As ditas facturas deberán corresponder ao período da subvención.

3.5. Reportaxe fotográfica dos programas e/ou actividades realizadas



3.6. Certificación da entidade onde conste que as facturas empregadas como xustificantes de gasto son presentadas unicamente para xustificar a subvención do Concello de Cabanas.

No caso de non acreditar estes extremos, non se considerarán os gastos debidamente xustificadas e non se terán en conta á hora de conceder a subvención final.

Os elementos que deben incluírse na factura son os seguintes:

- Nome ou razón social da empresa e NIF ou CIF de quen emita a factura.
- Identificación da entidade, co CIF
- Número de factura e data de emisión completa (día/mes/ano).
- Concepto e Importe total. Se figuran varios artigos é necesario que se desagreguen e se describan os conceptos separados.
- Data completa de pago (día/mes/ano)
- Separar do IVE de forma diferenciada, base impositiva, tipo de IVE aplicable e importe total máis o IVE correspondente; no caso de exención, deberase facer constar expresamente na factura, incluíndo certificado que acredite esta exención, manifestado por órgano competente.

As facturas que non conteñan os elementos anteriores, non serán admitidas como xustificantes de pago.

En ningún caso se admitirán como xustificantes:

- Pagos en efectivo
- En xeral, facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde nin se admitirán facturas relativas a alimentos e bebidas, agás as relativas a produtos típicos de celebracións tradicionais gastronómicas e de Nadal, Magosto, Entroido, San Xoán e outros festexos populares. De igual xeito, nas excursións ou viaxes culturais, poderanse xustificar os gastos de desprazamento, pero non serán admisibles os de alimentación ou comida á marxe deste concepto.
- Facturas onde non consten claramente os conceptos obxecto de subvención.
- As liquidacións que se xustifiquen mediante “liquidación de indemnizacións en concepto de desprazamento” deberán presentar detalle das datas dos desprazamentos e quilómetros percorridos, así como o motivo do desprazamento.
-



Poderán presentarse facturas orixinais ou copias compulsadas, pero terán que ser polo importe total orzamentario e non só polo importe concedido. É dicir, teranse que xustificar todas as actividades con facturas orixinais ou copias compulsadas, aínda que o importe total concedido se xustifique con menos (xa que se valorará o cumprimento da relación de actividades descritas na memoria presentada).

Se non se presenta a xustificación dentro do prazo, será requirido ao beneficiario para a súa presentación (artigo 45 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia). A falta de presentación no prazo improrrogable de dez (10) días dende o requirimento, dará lugar a que por resolución da Alcaldía se inicie expediente de anulación do correspondente compromiso. A resolución final notificaráselle á entidade e á Intervención municipal para o seu reflexo contable.

4.- O órgano competente valorará, con base nos xustificantes presentados, o cumprimento das actividades subvencionadas.

Si se acredita no expediente que a finalidade básica da subvención foi cumprida, a unidade xestora poderá propoñer que se manteña sen redución o importe da subvención inicialmente concedida.

De non cumprirse este requisito darase un prazo de quince (15) días para achegar nova documentación, transcorrido o cal sen recibirse esta, a contía da axuda reducirase na dita proporción.

5.- Vencidos os prazos e prórrogas sinaladas anteriormente sen que o beneficiario da subvención xustificara o cumprimento da finalidade que motivou o seu outorgamento, aplicarase unha sanción dun 10 % do importe da subvención se o atraso non excede de dous (2) meses; se excede deste prazo perderá o dereito a ela e o Alcalde-Presidente, por proposta da unidade xestora, anulará o correspondente compromiso. A dita resolución será comunicada ao interesado a e Intervención para o seu reflectido contable.



No caso de non ter xustificada a subvención correctamente en forma e prazo estipulados, a entidade non poderá participar na convocatoria de subvencións do ano 2023.

SÉTIMA: Pago das subvencións.

1.- Unha vez cumpridas as esixencias de xustificación documental citadas, con proposta concreta do órgano xestor, remitirase o expediente á Intervención para que emita o preceptivo informe de fiscalización, e si este é favorable tramitarase a correspondente orde de pago.

2.- O pagamento das subvencións materializarase mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade que figure no certificado de datos bancarios entregado coa documentación de solicitude. No caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención; no caso de que se xustifique gasto inferior ao 100%, aboarase a parte proporcional da subvención.

O aboamento da subvención non se levará a cabo se a entidade beneficiaria tivese pendente xustificar algunha subvención cuxo prazo de xustificación xa finalizara. Tampouco se procederá ao aboamento se a entidade non reintegrar algunha subvención anterior cando así se lle requirira.

Para o cobramento da subvención, a entidade deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Tributaria, Seguridade Social e co Concello de Cabanas.

Este pagamento realizarase no prazo máximo de dous (2) meses desde a correcta xustificación, a partires do cal o beneficiario terá dereito ao abono do xuro legal do diñeiro.

OITAVA: Responsabilidade e réxime sancionador.

1.- Os beneficiarios das subvencións outorgadas estarán obrigados a:

- a. Realizar a(s) actividade(s) que xustifica(n) a concesión da subvención nos prazos establecidos nas bases da convocatoria.
- b. Someterse ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención.



- c. Comunicar ao Concello a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración pública, ente público ou privado.
- d. Facilitar tanta información lle sexa requirida polo Concello.
- e. Xustificar a(s) actividade(s) subvencionada(s) nos prazos e condicións que se sinalan no punto sexto.
- f. Asumir todas as responsabilidades legais e civís das actividades que se realizan.
- g. As demais previstas na Lei xeral de subvencións, Regulamento que a desenvolve, Lei de subvencións de Galicia e o seu Regulamento, así como as Bases do orzamento municipal e as bases da convocatoria.

2.- Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador previsto na Lei xeral de subvencións, Lei de subvencións de Galicia, normativa reguladora do Tribunal de Contas e no ordenamento xurídico xeral.

NOVENA: Procedemento de reintegro de subvencións.

No caso de incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade das subvencións de carácter de pagamento previo ou ausencia de xustificación destas nos termos previstos nestas bases, o Concello esixirá ás persoas físicas ou xurídicas beneficiarias o reintegro das cantidades correspondentes de acordo co seguinte procedemento:

1.- Iniciación de oficio mediante resolución da Presidencia da Corporación, despois do informe da unidade xestora correspondente, na que se acorde a apertura do expediente de reintegro da subvención.

2.- A dita resolución notificarase ás entidades ou particulares interesados, con apertura do trámite de audiencia por quince (15) días, co fin de que efectúen as alegacións que consideren pertinentes ou procedan a corrixir as deficiencias observadas, co apercibimento de que no caso de acordarse o reintegro da subvención esixírase o xuro de demora desde o momento do seu pago, de acordo co previsto nos artigos 41 e 42 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e os artigos 91 e seguintes do seu Regulamento, Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

3.- O Alcalde-Presidente unha vez resoltas as alegacións presentadas ou transcorrido o prazo sen que ningún interesado formule alegación algunha, ditará resolución acordando a procedencia ou non do reintegro e demais actuacións que procedan.



O disposto nesta base enténdese sen prexuízo do réxime sancionador a que se refire a base anterior.

DÉCIMA: Outras disposicións

O Concello quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera outra derivada das actuacións ás que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, os datos serán utilizados para prestar o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. Pode exercerse o dereito de acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade en calquera momento.

Para iso, realizarase a través dunha instancia xeral, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a identidade.

DISPOSICIÓN FINAL

Para o non disposto nestas bases estarase ao establecido nas normas Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, así como a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Alcalde deste Concello, no termo dun mes a contar desde o día seguinte da recepción da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol.





BASES DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS A ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O ANO 2023

ANEXO I. SOLICITUDE

ENTIDADE/ASOCIACIÓN		CIF	Nº	REX.
REPRESENTANTE LEGAL		NIF		
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN		CÓDIGO	CONCELLO	
PROVINCIA	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO		

EXPÓN:

Vistas as bases reguladoras da “Convocatoria Pública para a concesión de subvencións municipais a asociacións e entidades sen fins de lucro para o desenvolvemento de programas e actividades para o ano 2023” publicadas no BOP nº _____ do ____ de _____ de 2023, a entidade que represento

SOLICITA:

Que lle sexa concedida unha axuda para a realización de actividades

- Culturais
- Deportivas
- Actividades veciñais

DECLARA:

Que a día de hoxe a entidade que representa atópase ao corrente no pago dos tributos municipais.

Cabanas, _____ de _____ de 2023

Asdo. (Nome, apelidos e rúbrica do/a presidente/a ou persoa representante para as relacións co Concello)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CABANAS





**ANEXO II – CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE AXUDA ECONÓMICA E DO NOMEAMENTO DA
PERSOA REPRESENTANTE**

D/D^a _____, con NIF
_____ como secretario/a da entidade

CERTIFICO:

Que na reunión da Xunta Directiva da mencionada entidade, celebrada en _____
o día _____ de _____ de 2023, adoptouse o acordo de presentación de
solicitude de axudas económicas para a realización de actividades

- Culturais
 Deportivas
 Actividades veciñais

Para o ano 2023, así mesmo, acordouse nomear a D/D^a.
_____, como representante
para as relacións desta entidade do Concello de Cabanas en todo o procedemento.

E para que conste aos efectos oportunos expido a presente certificación en
_____ o _____ de _____ de 2023.

Vº Bº

O/A Presidente/a,

O/A Secretario/a,

Asdo.

Asdo.

SR.ALCALDE DO CONCELLO DE CABANAS





ANEXO III - DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA REPRESENTANTE DA ENTIDADE

D/D^a. _____, con NIF
_____, e con enderezo
en _____ Código Postal
_____. Concello _____, na súa calidade de
representante da entidade _____, con CIF

DECLARO:

- Que coñezo e acepto as bases da convocatoria.
- Que a entidade por min representada está ao corrente das súas obrigas tributarias coa Seguridade Social e co Concello de Cabanas
- Que a entidade por min representada se somete ás actuacións de comprobación e á remisión da documentación que o Concello de Cabanas poida acordar para comprobar que as actuacións ás que dedique a subvención, no caso de que nos fose concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.
- O compromiso de aplicar o importe da axuda ás actuacións subvencionadas.
- Que a entidade por min representada se compromete a difundir na publicidade das actividades subvencionadas o carácter público do financiamento, indicando expresamente a colaboración do Concello de Cabanas, inserindo o seu logo oficial en todo o material que se utilice para dita difusión.
- Que a entidade non está incurso en ningún dos supostos que impiden obter a condición de beneficiario de subvencións por parte da Administración Pública, recollidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cabanas, _____ de _____ de 2023

Asdo. (Nome, apelidos e rúbrica da persoa representante para as relacións co Concello)

SR.ALCALDE DO CONCELLO DE CABANAS



ANEXO IV – MEMORIA DE ACTIVIDADE(S) PARA A(S) QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

(A continuación descríbense os puntos que hai que ter en conta á hora de redactar as súas memorias. Non teñen porque cubrilas neste anexo senón que, tomándoo como guía, poden elaborar as súas memorias nas follas que lles sexan necesarias)

A. DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE OU DO PROXECTO

B. DESCRICIÓN DA(S) ACTIVIDADE(S) OU DO PROXECTO

C. DATAS E LUGAR DE REALIZACIÓN

D. NÚMERO DE SOCIOS DA ASOCIACIÓN OU DA ENTIDADE

E. NÚMERO ESTIMADO DE PERSOAS QUE SE BENEFICIARÁN DA AXUDA

Cabanas, _____ de _____ de 2023

Asdo. (Nome, apelidos e rúbrica do/a presidente/a ou persoa representante para as relacións co Concello)

SR.ALCALDE DO CONCELLO DE CABANAS



ANEXO V – ORZAMENTO DETALLADO

GASTOS	
CONCEPTO	IMPORTE
TOTAL	

INGRESOS (propios, subvencións doutras administracións, cotas de socios etc.)	
CONCEPTO	IMPORTE
TOTAL	

Cabanas, _____ de _____ de 2023

Asdo. (Nome, apelidos e rúbrica do/a presidente/a ou persoa representante para as relacións co Concello)

SR.ALCALDE DO CONCELLO DE CABANAS





ANEXO VI – DECLARACIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS SOLICITADAS A OUTRAS ADMINISTRACIÓNS OU ENTES PÚBLICOS OU PRIVADOS

D/D^a. _____, con NIF _____, en representación da entidade _____, con CIF _____

DECLARA:

Que a entidade que represento presentou solicitude(s) para a mesma finalidade na(s) seguinte(s) administración(s):

ADMINISTRACIÓN PÚBLICA ou ENTE Á QUE SE SOLICITO AXUDA	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE CONCEDIDO

Polo contrario, a entidade que represento non solicitou nin lle foi concedida ningunha axuda para a mesma finalidade das restantes administracións públicas competentes.

Cabanas, _____ de _____ de 2023

Asdo. (Nome, apelidos e rúbrica do/a presidente/a ou persoa representante para as relacións co Concello)

SR.ALCALDE DO CONCELLO DE CABANAS



ANEXO VII – XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

ENTIDADE/ASOCIACIÓN		CIF	Nº REX.
REPRESENTANTE LEGAL		NIF	
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN		CÓDIGO	CONCELLO
PROVINCIA	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	

En cumprimento co establecido polas bases da convocatoria de subvencións municipais a asociacións e entidades sen fins de lucro para o desenvolvemento de programas e actividades para o ano 2023, e unha vez concedida a subvención, procédese a presentar os documentos preceptivos xustificantes da mesma:

- Relación detallada de gastos co seu importe e identificación do acredor.
- Facturas xustificativas dos gastos.
- **DECLARO** que a entidade que represento **SI** **NON** ten débedas coa Administración
- **DECLARO** que a entidade que represento **SI** **NON** lle foi concedida axuda(s) das restantes administracións públicas competentes.

En caso afirmativo, indique:

ADMINISTRACIÓN PÚBLICA ou ENTE Á QUE SE SOLICITOU A AXUDA	IMPORTE

- **CERTIFICO** que, de acordo coas bases da convocatoria, a entidade realizou todas as actividades incluídas na solicitude da subvención, conforme ao orzamento presentado (en caso de non realizar todas as actividades programadas, anexar escrito explicando o porqué).

Cabanas, _____ de _____ de 2023

Asdo. (Nome, apelidos e rúbrica do/a presidente/a ou persoa representante para as relacións co Concello)

SR.ALCALDE DO CONCELLO DE CABANAS





Segundo. Aprobar o gasto, por importe de 15.000,00 euros, con cargo á partida 920.48900 do vixente orzamento de gastos.

Terceiro. Proceder á publicación das bases da convocatoria na Base Nacional de Subvencións

Cuarto. Dar traslado da presente resolución aos servizos de Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.

O acorda e asina dixitalmente o Alcalde, Fernando Couce Rodríguez, en Cabanas, na data que consta á marxe, do que eu, Irene Suárez López, como Secretaria, dou fe.

